

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000025.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 25 de xuño de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS
INTEROS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE**

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. OUTORGAR LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UN EDIFICIO NA RÚA ARMÓRICA, 24 (Expte: 2024/Y001/000213).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO (CONCELLERÍA DE MULLER E IGUALDADE - SERVIZO DE IGUALDADE). EXP. REF. 2023/C003/000003. PRIMEIRA PRÓRROGA DENDE O 21 DE XULLO DE 2025 AO 20 DE XULLO DE 2026.

3. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MAQUETACIÓN, EDICIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PROGRAMA OFICIAL DE FESTAS SAN FROILÁN 2024. Exp ref: 2024-C003-000030. PRÓRROGA 2025.

FOMENTO

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6365662484941413369.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-6-2025

4. APROBAR O TEXTO E PROCEDER A SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE FINANCEIRA BANCO SANTANDER S.A. PARA A COLABORACIÓN NA RECADACIÓN MUNICIPAL.

PERSOAL

5. PRÓRROGA DA COMISIÓN DE SERVIZOS DUN BOMBEIRO-CONDUCTOR COMO CABO-BOMBEIRO.

6. PROPOSTA DE ACORDO DE ARQUIVO DAS ACTUACIÓNS CON RELACIÓN AO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DISCIPLINARIO INCOADOA UNHA FUNCIONARIA INTERINA.

7. ADOPCIÓN DA MEDIDA DE SUSPENSIÓN PROVISIONAL DE FUNCÍONS DUN TRABALLADOR, POLO TEMPO DE DURACIÓN DO PROCEDEMENTO XUDICIAL INCOADO AO EFECTO.

8. EXECUCIÓN PROVISIONAL DA SENTENZA 342/2025 DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO NO PROCEDEMENTO DE DESPIDO NÚMERO 32/2025 POLA QUE SE DECLARA NULO O DESPIDO DUNHA TRABALADORA LABORAL.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

SERVIZOS SOCIAIS

9. AUTORIZACIÓN Á ENTIDADE VENELUGO, G-27499227, DO USO EN PRECARIO DE LOCAL NA CASA MARÍA MARIÑO DE ASOCIACIÓNS DE INTERESE SOCIAL. (CONVOCATORIA ANO 2022).

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,